



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana I.
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Nombela Castaño, Miguel A.
 Rabanal Carbajo, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sueiro Justel, Joaquín
 Tojo Suárez, José E.
 Troncoso Durán, Dolores

DESCULPAN ASISTENCIA:

Durany Castrillo, José
 Pousada Carballo, José M^a
 Rodríguez Fuentes, Gustavo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 16 de decembro de dous mil cinco, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñaría de Telecomunicación

O venres, día 16 de decembro de 2005, ás horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2006.
4. Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporar remanentes de libre disposición.
5. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
6. Nomeamento da Comisión de posgraos.
7. Nomeamento da Comisión de selección prevista no programa especial de promoción de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo aprobado na sesión do Consello de Goberno de data 24 de novembro de 2005.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Física.
9. Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial, D. Guillermo Álvarez Martínez, na materia Elasticidade e Resistencia dos Materiais.
10. Nomeamento da Comisión de relacións internacionais da Universidade de Vigo.
11. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas dos Consello de Goberno: Comisión de investigación (1estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).
12. Rogos e preguntas

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2005.

A secretaria xeral informa de que hai unha suxestión presentada polo profesor Legido que fai referencia aos acordos aprobados no punto 9 da orde do día, o que figura na acta é:

“Apróbase a transformación da profesora M^a Carmen Ricoy Lorenzo de PP2 a profesor contratado doutor interino e a saída da praza a concurso”.

O profesor Legido propón suprimir o final do parágrafo “... e a saída da praza a concurso”. Xa que na redacción da orde do día so figuraba a transformación e non a saída da praza a concurso.

Apróbase a modificación por sentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Dá a benvinda ao profesor Joaquín Sueiro Justel, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, como novo membro do Consello de Goberno.
- En relación cos novos títulos de grao non hai nada novo que informar.
- Sobre a modificación da LOU anuncia que no mes de xaneiro vaise celebrar unha xuntanza da Conferencia de reitores para analizar as suxestións das Comisións Sectoriais e dos Claustros das universidades e facelas converxer en catro ou cinco puntos que recollan a maioría das mesmas.
- O día 12 houbo a reunión na Xunta sobre os posgraos que se van presentar como experiencias piloto. En liñas xerais non hai problemas nas propostas xa que cada universidade propón algo seu máis específico.

A Universidade de Vigo presentou 5 propostas:

- No ámbito de humanidades e desde a titulación de Tradución e Interpretación presentouse unha sobre Tradución Multimedia.
- No ámbito científico a Facultade de Ciencias de Ourense presentou un posgrao sobre “Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria”.
- No ámbito tecnolóxico, presentouse un posgrao sobre seguridade integral nas industrias no que colaboran as titulacións de Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Informática e a Enxeñaría Técnica de Industrias Agrarias e Alimentarias.
- No ámbito xurídico-social hai dúas propostas: unha presentada polo Departamento de Contabilidade e Economía Financeira sobre “Internacionalización das finanzas e a contabilidade”; e outro sobre estudos de xénero apoiado no máster que xa estaba funcionando.

Ademais está pendente de acordo un posgrao de Turismo que levará un ano común e tres especialidades. Será interuniversitario e o desacordo está en qué universidade xestionaría o ano común.

Outro interuniversitario que xestiona a Universidade de Vigo é o de Física Aplicada Ademais a Universidade de Vigo participa en dous interuniversitarios: Neurociencia e Matemática Aplicada.

A Universidade de Santiago presentou entre 5 e 6 propostas e a da Coruña entre 6 e 7. Deuse de prazo ata o 15 de xaneiro para a presentación de propostas concretas.

O profesor Tojo solicita información sobre as propostas presentadas polas outras dúas universidades.

Resposta o vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente:

Na Universidade de Santiago 3 propostas son reconversión de tres títulos propios que tiñan en marcha: Xerontoloxía, Enxeñaría ambiental e Biotecnoloxía.

Ademais un sobre Historia Contemporánea, outro sobre Química (que xorde da reconversión dos catro programas con mención de calidade da facultade) e outro sobre Tecnoloxía da información e as comunicacións.

A Universidade da Coruña presentou un sobre Química Fundamental e Ambiental, outro relacionado con Arquitectura, outro sobre Enxeñaría da auga, outro da Facultade de Dereito sobre Estudos da Unión Europea e dous de Economía (un sobre finanzas e outro sobre política pública). Ademais presentou un sobre Xerontoloxía que colisionaba co da Universidade de Santiago.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2006.

O vicerreitor de planificación fai unha exposición das características máis saliantes do proxecto presentado.

O orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2006 manexa un volume de recursos de 144.3 millóns de € medrando a unha taxa do 17,2% sobre os ingresos obtidos en 2005 o que permite un certo optimismo. Este ano é o segundo de vixencia do Plan de Financiamento das Universidades de Galicia (2005-2010) e os fondos aportados polo mesmo garanten a estabilidade financeira do Sistema Universitario de Galicia en xeral, e da Universidade de Vigo en particular, para o vindeiro exercicio.

Así mesmo destaca como un éxito da institución na captación de recursos externos que significa un 19% dos ingresos totais.

Dentro das actuacións nas que se efectuará un esforzo orzamentario destacan:

- a) Mellora salarial e programa de promoción: O primeiro programa rexistra un incremento do 6,7% respecto ao 2005, mentres que á segunda liña dedícase 1 millón de €
- b) Financiamento do plan de calidade docente, recibe un forte impulso e vinculando os aumentos ao rendemento do labor docente e investigador.
- c) Infraestruturas de investigación: préstase unha atención preferente á construción e adquisición de infraestruturas centralizadas de investigación e en moita menor medida a sociedade CITE XVI.
- d) Infraestruturas docentes, nas que se inclúe en primeiro lugar a continuidade dos compromisos construtivos de anos anteriores, en segundo lugar o inicio da primeira fase do proxecto construtivo de Paulo Mendes da Rocha e por último as actuacións de reforma e mantemento que presentan unha maior urxencia.
- e) Outras infraestruturas centralizadas como son as actuacións previstas no Plano de Seguridade dos laboratorios ou o plano de Anti-intrusión e Seguridade de Centros e Instalacións, neste último o vicerreitor adiantou que utilizará as prestacións técnicas da nova tarxeta universitaria para controlar o acceso aos recintos universitarios en períodos non lectivos.

- f) Compromisos coa descentralización: destaca a contratación dun Vicexerente para o campus de Ourense.
- g) Outras actuacións de interese: neste apartado inclúense os crecementos orzamentarios do Centro de Linguas, do Comisionado para o EEES e da ORI. Destaca de xeito moi importante os esforzos dedicados ao programa de “Fomento de Proxectos de Investigación” que incrementa aproximadamente nun 80%.

Remata a exposición sinalando as novidades máis salientables que conteñen as Normas de execución.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Tojo expresa que as melloras do presuposto derivan do cambio no plan de financiamento polo que é un bo momento para planificar ben. Preocúpalle a importancia que se lle da ao Plano de calidade docente que ao seu entender non está ben estruturado xa que non define claramente a calidade e ademais non pode ser comparado segundo parámetros de produción científica xa que esta require un maior esforzo inversor. Considera que é necesario estimular a calidade docente pero cambiando a filosofía.

Preocúpalle a filosofía de CITEXVI, non pola cantidade que se lle destina neste orzamento senón polo plan de financiamento desta sociedade cara ao futuro.

Pide información sobre a distribución do módulo tecnolóxico industrial e, sobre o proxecto de Paulo Mendes da Rocha di que lle gustaría que se tivese aprobado no Consello de Goberno antes da súa posta en marcha.

O señor Fernández Saborido pide aclaracións sobre varias actuacións de reforma e adaptación correspondentes ao campus de Ourense ao que lle resposta o vicerreitor de planificación e desenvolvemento do campus de Ourense.

Intervén de novo o vicerreitor de planificación par sinalar que no Plano de Calidade Docente estase comezando e está claro que haberá que facer unha revisión continua do mesmo, lembra que no programa de produción científica estivemos dando tumbos polo menos 4 anos ata que foi asentando, é moi probable que iso mesmo ocorra co Plano de Calidade Docente.

Respecto de CITEXVI, precisa que, como xa se ten informado no Consello de Goberno, é un proxecto compartido a terzos con Caixanova e Zona Franca, cun financiamento previsto nun 60% como achega de capital e no 40% restante mediante endebedamento. Para a construción inicial dos 3 módulos que contemplan a 1ª e 2ª fases do proxecto, estas condicións suporán un desembolso aproximado de 760.000 € durante 3 anos para cada un dos tres socios participantes.

En relación co Módulo Tecnolóxico-Industrial, non dispón dos datos precisos que se solicitan, aínda que si pode confirmar que os seus contidos gardan relación coas propostas e os grupos de investigación que avalaron as solicitudes de financiamento en concorrencia diante do Ministerio.

Remata a súa intervención sinalando o problema de circulación rodada e aparcamento que se detecta no ámbito da enxeñaría no campus de Vigo a urxencia de buscarlle unha solución. Enténdese para iso que, en vez de iniciar actuacións menores e parciais, é preferible dar inicio á 1ª fase do Proxecto de Rúas Elevadas, de Paulo Mendes da Rocha, que inclúe a construción neste ámbito dun aparcamento construído en altura e pechado, cunha pasarela de distribución a cuberto cara os distintos edificios. O vicerreitor precisa, ademais, que esta actuación é perfectamente segmentable e non compromete posteriores iniciativas, de xeito que, resoltos os mencionados

problemas, a universidade pode considerar non abarcar máis fases deste proxecto construtivo sen que iso ocasione ningún prexuízo.

O profesor Tojo insiste no tema da calidade docente e cre que imos nunha dirección equivocada xa que se están utilizando criterios que non son os que el entende por calidade docente. Así mesmo insiste en que lle gustaría que iniciativas como o proxecto de Paulo Mendes da Rocha se traia a debate a este Consello de Goberno e figure na orde do día.

Despois de varias intervencións dos profesores Gude, Sueiro e de novo do vicerreitor de planificación, o reitor propón traer a un Consello de Goberno o debate sobre a revisión do Plano de Calidade xa que ao mellor pódense incorporar outros parámetros, criterios, etc. E pide a aprobación por asentimento do orzamento para o ano 2006.

Apróbase por asentimento o proxecto de orzamento para o ano 2006. (Anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporar remanentes de libre disposición.

Apróbanse por asentimento. (Anexo II)

Punto 5.- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbanse por asentimento. (Anexo III)

Punto 6.- Nomeamento da Comisión de posgrao.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente presenta a proposta que figura detallada no Anexo IV.

Sinala que na proposta o que se fai é manter, na medida do posible, os membros da comisión de doutoramento así como a representación dos tres campus e dos catro ámbitos de coñecemento.

Apróbase por asentimento a proposta presentada (Anexo IV) e que esta comisión comece a funcionar coa data do día seguinte a este Consello de Goberno e polo tanto nesa mesma data cesa a comisión de doutoramento actual.

Punto 7.- Nomeamento da Comisión de selección prevista no programa especial de promoción de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo aprobado na sesión do Consello de Goberno de data 24 de novembro de 2005.

O reitor delega a presidencia desta comisión na vicerreitora de organización académica e profesorado.

A vicerreitora de organización académica e profesorado fai a proposta seguinte na que todas as persoas teñen polo menos dous sexenios:

Antón Barreiro Blas (ámbito tecnolóxico)
 Fernando Pérez González (ámbito tecnolóxico)
 Armando Caballero Ría (ámbito científico)
 Luis Liz Marzán (ámbito científico)
 Mercedes Durany Castrillo (ámbito humanidades)
 Arturo Leyte Coello (ámbito humanidades)
 Dolores Garza Gil (ámbito xurídico-social)
 Anxo Tato Plaza (ámbito xurídico-social)

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Física.

Apróbase por asentimento.

Punto 9.- Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial, D. Guillermo Álvarez Martínez, na materia Elasticidade e Resistencia dos Materiais.

Informa a secretaria xeral que este recurso non pasou pola COAP pero despois de aplicar os criterios utilizados pola mesma e aceptados por este Consello de Goberno, o informe sae favorable.

Apróbase por asentimento a estimación do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada apolo alumno da E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial, D. Guillermo Álvarez Martínez, na materia Elasticidade e Resistencia dos Materiais.

Punto 10.- Nomeamento da Comisión de relacións internacionais da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de relacións institucionais informa de que se trata de poñer en marcha a Comisión prevista na Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais (aprobada no Consello de Goberno de data 17 de xuño de 2004) e fai a seguinte proposta:

Xavier Martínez Cobas (Vic. Rel. Institucionais)
 Anselmo Seoane Pampín (Dtor. ORI)
 José Santiago Santos García (xefe de servizo de alumnado)
 Amelia Rodríguez Piña (técnica da ORI)
 Eva Garea Oya (técnica da ORI)
Profesores responsables de relacións internacionais nos Centros:
 Juan Manuel Corbacho Valencia (Ciencias Sociais, campus de Pontevedra)
 Susana Reboreda Morillo (Historia, campus de Ourense)
 Juan Carlos Burguillo Rial (Telecomunicación, campus de Vigo)
 Gabriel Rosón Porto (Ciencias do Mar, campus de Vigo)
Estudantes:
 Sabela González Panizo (3ª ciclo, Filoloxía e Tradución)

Francisco José Quintela Vilariño (Telecomunicación)

Apróbase por asentimento a proposta.

Punto 11.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas dos Consello de Goberno: Comisión de investigación (1estudiante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).

Non hai candidaturas presentadas.

Punto 12.- Rogos e preguntas.

O profesor Ramos roga que unha vez que comezou a 1ª fase sobre o aparcamento coa utilización das pegatinas, que se activa tamén nas zonas do ámbito das enxeñaría.

O vicerreitor de planificación di que nesas zonas hai que ser un pouco máis flexible xa que hai escaseza de aparcamentos.

O profesor Sueiro di que se alegra de que as propostas de posgraio teñan que pasar polo centro.

O reitor di que teñen que ter o aval dun centro ou dun departamento.

O profesor Gude quere manifestar neste Consello de Goberno a súa satisfacción despois de visitar o edificio Miralles e a Reitoría xa que lle encantaron.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:05 horas do día 16 de decembro de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe